

## O Concello de Pontedeume colabora coa campaña solidaria “Súmate. Doa sangue”

**Pontedeume, venres 3 de xuño.-** O Concello de Pontedeume, o Centro de Transfusión de Galicia e a Irmandade de Doadores de Sangue, impulsan a participación dos veciños e veciñas nas campañas de doazón de sangue para garantir o labor asistencial nos hospitais galegos, que neste verán precisan 10.000 doazóns de sangue cada mes.

As épocas do ano de maior dificultade para a doazón de sangue coinciden cos periodos de vacacións. Os enfermos ingresados nos hospitais galegos seguen a precisar a solidariedade da cidadanía, e por iso, o Concello distribuirá material informativo á veciñanza para tratar de incrementar a participación. As persoas que desexen participar poden acudir a:

### **PONTEDEUME**

**MARTES 7 e MÉRCORES 8 de XUÑO**

Unidade móbil na Alameda de Raxoi

Das 10.00 ás 14.00 horas e 16.00 ás 21.00 horas

A Organización Mundial da Saúde recomenda acadar de 40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano para cubrir todas as necesidades dos hospitais. O obxectivo é incrementar a participación de **54 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano** que acadou o **Concello de Pontedeume** o pasado ano 2015 e poder axudar a moitas persoas que precisan da nosa solidariedade.

Dende o Concello se quere facer un agradecemento especial a todas as persoas que participan cada ano nas campañas de doazón de sangue. Pontedeume conta con **1.559 doadores** censados que realizaron **11.765 doazóns de sangue** nos 23 anos de actividade das unidades móbiles do CTG. Con este número de doazóns poderíanse realizar máis de 5.800 intervencións cirúrxicas, transfundir plaquetas a máis de 1.900 enfermos de cancro ou leucemia ou axudar a realizar máis de 980 transplantes de órganos.

Neste verán, moitas persoas dependen da solidariedade da cidadanía para recuperar a saúde ou salvar a vida. **Súmate, doa sangue.**